



XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL  
DE OURENSE

Xefatura Territorial de Ourense da  
Consellería de Cultura, e Turismo  
Gabinete de Normalización Lingüística

Rúa Concello, 11 – 4º  
32003 Ourense  
Tel.: 988 386 649/59 Fax: 988 386 600  
Correo electrónico: [sxpl.ourense@xunta.gal](mailto:sxpl.ourense@xunta.gal)

galicia

## REQUIRIMENTO DE EMENDA DE DOCUMENTACIÓN

Pola Orde do 27 de decembro de 2018 da Consellería de Cultura e Turismo anúnciase a convocatoria de axudas para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade privada de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios para o curso escolar 2018/19 (PL500B) (DOG núm. 17, do 24 de xaneiro de 2019).

A base quinta da convocatoria establece que as solicitudes que se presenten deberán formalizarse no modelo PL500B debidamente cuberto e asinado, acompañado da documentación que se sinala na base sexta, na forrna e prazos que tamén se indican.

O Gabinete Provincial de Normalización Lingüística de Ourense, órgano encargado da instrución do procedemento ao abeiro da base oitava da orde de convocatoria, revisou as solicitudes presentadas e a documentación achegada polos centros.

De conformidade co disposto na referida base, no caso de estaren incompletas as solicitudes, conteren erros ou de que non se achegue toda a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria, requirirase aos centros solicitantes para que, nun prazo de dez días hábiles, emenden a falta ou acompañen os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixeren, considerarase que desisten da súa petición e archivarase o seu expediente na forma e termos indicados no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na devandita orde indícase que, por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e consonte co establecido no artigo 45.1.b) da antedita Lei 39/2015, do 1 de outubro, os requirimentos faranse mediante a súa publicación na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística: <http://www.lingua.gal>

Polo exposto, acórdase

1. Publicar na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (<http://www.lingua.gal>) a relación de solicitudes que non están debidamente cubertas e/ou non achegan a documentación preceptiva acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria. Esta relación xúntase como Anexo desta publicación, coa especificación dos documentos preceptivos requiridos a cada solicitante.
2. Facer indicación expresa a todos os centros solicitantes relacionados no Anexo de que son **requiridos para que no prazo de dez días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste requirimento na páxina web da Secretaria Xeral de Política Lingüística: <http://www.lingua.gal> **emenden a falta ou acheguen os documentos**

 Xacobeo 2021





# XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL  
DE OURENSE

Xefatura Territorial de Ourense da  
Consellería de Cultura, e Turismo  
Gabinete de Normalización Lingüística

Rúa Concello, 11 – 4º  
32003 Ourense  
Tel.: 988 386 649/59 Fax: 988 386 600  
Correo electrónico: [sxpl.ourense@xunta.gal](mailto:sxpl.ourense@xunta.gal)

**referidos.** De non facelo, considerarase que desisten da súa petición, e arquivarase o seu expediente logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. Esta achega de documentación deberá ser realizada electronicamente a través da sede a sede electrónica da Xunta de Galicia.

Ourense, 14 de marzo de 2019

O xefe do Gabinete de Normalización Lingüística de Ourense

Xosé Diz Romay

## ANEXO

Expediente	Centro	CIF	Concello
OUPR009	CPR MARIA AUXILIADORA - SALESIANOS	R3200038B	OURENSE
<b>EMENDA REQUIRIDA</b>			<b>REFERENCIA NORMATIVA</b>
Certificado de estar ao día do pagamento coa Axencia Estatal de Administración Tributaria			Base 7.1

